



Boas sensacións

Primeiro encontro de pretemporada para os xuvenís e primeira vitoria fronte o Rápido de Neda en Ares por 7 tantos a 2. No descanso o resultado era de 2 a 1 a favor dos locais.

Ares 14 de agosto de 2014.

Aliñacións:

Numancia de Ares: Kike, Emi, Rolo, Pablo Cartelle, Óscar, Miguel, Iván (C), Martín Ángel, Fran e Marcelo. Tamén participaron: Antonio, José Manuel, Carlos, David e Miguelín.

Adestrador: Alex González

Rápido de Neda: Cristian, Garrote, Álvaro, Miguel, Eli, Brais, Isaías, Iván, Diego, Asier e Carlos. Tamén participaron: Bruno, Joel, Caneiro, Adrián, Samuel, Yago e Alex.

Adestrador: Luis Dopico

Árbitro: Francisco López Gómez. Amosou cartóns amarelos ó local José Manuel e ós visitantes Joel e Miguel. **Goleadores:** Diego (2) para o Rápido de Neda. Carlos(3), Ángel (2), Miguel e Iván para o Numancia de Ares.

Goles

:

0 - 1 – 11' :

Diego

. Balón as costas da defensa dende a dereita que pelexan Pablo Cartelle e Diego conseguindo este último anotar o primeiro gol en parábola ante a saída de Kike.

1 - 1 – 29' :

Carlos

. Roubo de balón por parte de Martín no pico esquerdo da área visitante. Chegada a liña de fondo e disparo coa esquerda que rexeita o porteiro. O balón queda solto para que o aproveite Carlos anotando o empate.

2 - 1 – 44':

Carlos

. Xogada combinativa pola dereita con balón de Jose Manuel a Iván, éste en profundidade a Marcelo que dende a liña de fondo asiste a Carlos quen logra anotar novamente batendo o meta rival.

3 - 1 – 46':

Miguel

. Xogada novamente combinativa que parte do Numancia dende medio campo rival pola dereita nos pes de Emi, o balón pasa polos pes de Miguelín, Carlos, Iván e Miguel que abre a esquerda a Marcelo i este dende liña de fondo volta a asistir en esta ocasión a Miguel que entra dende atrás anotando o terceiro tanto.

4 - 1 – 47':

Ángel

. Roubo de balón de Emi na dereita pase a Carlos cara o centro quen asiste a Ángel o cal entrando na área bate ó meta visitante pola súa dereita.

5 - 1 – 56':

Ángel

. Erro no pase entre o meta visitante e un defensor que aproveita ó dianteiro numantino para anotar o seu segundo tanto.

5 - 2 – 64':

Diego

. Imprecisión defensiva dos locais no borde da área que aproveita o dianteiro do Neda para acurtar distancias.

6 - 2 – 68':

Iván

. Falta dende a esquerda o borde da área maxistralmente executada por Iván que pon o balón na escuadra dereita do meta visitante.

7 - 2 – 86':

Carlos

. Entrada pola esquerda de Iván que dende medio campo mete en profundidade a Carlos. O xogador local entra en diagonal cara o marco visitante e bate no primeiro pau e consegue así o seu terceiro tanto.

Primeira proba amigable para o Numancia que amosou unha boa imaxe en xeral. Saíu algo dubitativo nos primeiros minutos e pouco a pouco foise soltando. Tentou xogar o balón e conseguíuno en moitas das ocasións. Un primeiro tempo aceptable ante un rival que se amosou forte no xogo defensivo. A pesar de iniciar con desventaxe no marcador os aresáns foron quen de remontar antes de ir ó descanso.

Na segunda metade baixou o nivel físico dos visitantes e foron chegando os goles locais. Seguiu-se tentando tratar ben a pelota e buscar xogadas elaboradas. Pouco a pouco o partido foi decaendo despois do 6 - 2 para chegar ó remate do encontro con a vitoria local de 7 - 2.

Primeiro test superado de forma aceptable por parte do Numancia ante un Neda que prantou cara mentres duraron as forzas.